CONCELLERÍA DE LIMPEZA | CONCELLO DE VIGO

ANEXO 23

PROCEDEMENTO PARA A RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS EN ESPAZOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO

PROCEDIMIENTO PARA LA RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS EN ESPACIOS PÚBLICOS DE LA CIUDAD DE VIGO

ASINADO POR: Xefe Limpeza (Benjamín A Collazo Rodríguez) 2017-08-02T13:48:12+02:00 -

Documento asinado

CONCELLERÍA DE LIMPEZA

CONCELLO DE VIGO

PR-01_LIMPEZA:

PROCEDEMENTO PARA A RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS EN ESPAZOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO

1. Recepción no Servizo de Limpeza do Expediente administrativo que incluirá entre outros os seguintes documentos:

   a) Resolución do órgano Municipal competente coa declaración de abandono do vehículo
   b) Nome e domicilio do propietario
   c) Documento Nacional de Identidade do propietario
   d) Marca modelo e cor do vehículo
   e) Matrícula do vehículo
   f) Localización exacta na vía pública (rúa e número ou referencia unívoca)
   g) Número de bastidor do vehículo
   h) Solicitude de baixa definitiva por CAT conforme á orde INT/ 624 /2008, de 26 de febreiro, cumplimentada sen a data de entrega do vehículo, e asinada.

2. O Servizo Municipal de Limpeza e Xestión de RSU oficiará á Empresa Concesionaria unha instrucción para o traslado deste residuo ás instalacións dun Xestor Autorizado dentro do Término Municipal de Vigo para un correcto tratamento. Os datos que acompañarán a instrucción son:

   a) Datos do Xestor autorizado ao que trasladar o residuo
   b) Copia da Resolución do órgano competente coa declaración de abandono do vehículo
   c) Marca, modelo, cor, matrícula e número de bastidor do vehículo
   d) Localización exacta na vía pública
   e) Orixinal da Solicitude de baixa definitiva por CAT conforme á orde INT/ 624 /2008, de 26 de febreiro, cumplimentada sen a data de entrega do vehículo, e asinada.

3. A empresa concesionaria municipal retirará o Residuo trasladándoo ás instalacións do Xestor indicado e cumprimentando a data da entrega no campo correspondente da solicitude de baixa definitiva por CAT. Xunto co residuo entregará ao xestor a seguinte documentación:

   a) Copia da Resolución do órgano competente coa declaración de abandono do vehículo
   b) Marca, modelo, cor, matrícula e número de bastidor do vehículo
   c) Orixinal da Solicitude de baixa definitiva por CAT conforme á orde INT/ 624 /2008, de 26 de febreiro, debidamente cumplimentada e asinada.

4. O Xestor verificará a veracidade dos datos aportados e tratará adecuadamente o residuo emitindo o correspondente certificado de destrucción. A seguir tramitará co organismo competente a baixa definitiva do vehículo, devolvendo ambos documentos orixinais ao Servizo Municipal de Limpeza e Xestión de RSU a través da Empresa Concesionaria.

5. O Departamento Municipal de Limpeza e Xestión de RSU cumprimentará o Expediente administrativo incluindo ambos documentos, xunto co informe dos custes nos que incorreu o Concello pola retirada.

ASINADO POR: Xefe Limpeza (Benjamín A Collazo Rodríguez) 2017-08-02T13:48:12+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2017 08:46	Páxina 2 de 2
Expediente 6619/252	Código de verificación: 2BEC4-44D5A-85DB4-5B4BD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		